



Carta Aberta ao Director de RR.HH PSA PEUGEOT CITROËN

Vigo, a 08 de Maio de 2019

Dise, por parte dos medios de comunicación, que ***lles sorprende a decisión que adoptamos as tres Centrais Sindicais, encerrándonos dúas plantas por riba do seu despacho.***

Dicir que, nestes tres días de peche, coma sempre non faltaron as mensaxes subliminares á sociedade de que...***”la Empresa tiene el diálogo abierto de forma permanente y con espíritu constructivo”...***

Unha mensaxe que, por desgraza, a gran parte da Plantilla, xa coñecemos cal é o seu fin ***...manipular a falla de preocupación deste Departamento polas persoas que desempeñamos os postos produtivos...***

Si algún apostou polo diálogo social, neste CONFLICTO LABORAL (que naceu coa confección dos postos da nova furgoneta na M-2), ***fomos nós***. Aportando información e facéndolle ver que, os/as traballadores/as, non podíamos seguir desempeñando postos de traballo irrealizables e soportando repartos con cargas excesivas.

Falan de espírito construtivo... e despois de tres días de peche, ***apesares de pasar a escasos 5 pasos de onde estamos... foi o único que a día de hoxe nin se dignou a darnos os Bos días....*** Xa non dicimos de preguntarnos como estábamos ou sentarse a comentar sobre a situación de Montaxe como así fixeron outros.

Catro meses, 120 días, 2.880 horas é o tempo que estes sindicatos insistimos na procura de solucións a través do diálogo. ***E se non, que se lle pregunte aos/ás Traballadores/as.***

Tempo no que, a pesar de recoñecernos que o Taller estaba en crise, non dubidaron en continuar permitindo a eliminación de postos de traballo na Liña de Producción, así como a externalización de operacións.

Os que participamos na última reunión sobre Montaxe non podemos obviar que vostede mesmo, a pesar de non aportar compromisos e solucións sobre a redución de postos, repartos con cargas de traballo excesivas, elaboración de mapas de postos esixentes fisicamente,..., ***nos emprazou para a seguinte reunión en Xuño. Todo elo, apesares de insistir que os/as Traballadores/as de Montaxe xa non aguantaban máis, e que as súas medidas non daban solucións reais ás principais necesidades que demandamos.***

...PARA JUNIO...VIVA EL DIÁLOGO DE PSA!!!

Hoxe, coma onte e mañá seguiremos avogando polo diálogo. ***De vostede dependerá o día, a hora e as gañas de subir esas escaleiras... para DIALOGAR.***